



# CCOO INFORMA N.º16

## PENSIÓNS DE MUTUALISTAS E DECLARACIÓN DA RENDA 2023

As persoas pensionistas que realizaron achegas as mutualidades laborais e pagaron de máis no IRPF, teñen agora a posibilidade de reducir a súa base imponible na declaración da renda de cada exercicio. Que deben facer para que se lles aplique o dito axuste fiscal? Pois en función de se presentaron ou non solicitude de rectificación de exercicios fiscais anteriores, poden darse diferentes supostos:

### Tres supostos na declaración da renda

1. O caso das persoas que reclamaron e obtiveron o ditame positivo da Axencia Tributaria respecto da rectificación dos exercicios anteriores, o borrador xa contempla o axuste requirido para o exercicio.

En concreto, constará nos datos fiscais no apartado "Axuste por Mutualidades - DT2 LIRPF" e na declaración xa se incluíu como rendemento do traballo (casa 0003) a pensión cobrada coa redución que habería que aplicar.

Isto pódese comprobar accedendo á consulta de datos fiscais desde Axencia Tributaria: Campaña de Renda 2023 (tamén, unha vez dentro do servizo de tramitación de borrador / declaración da renda, pódese consultar nos 'Servizos Dispoñibles', picando en 'Consultar datos fiscais').

Nestes datos fiscais aparecerá tanto o importe da pensión de xubilación ou invalidez e o axuste por Mutualidades-DT 2 LIRPF que corresponde ao importe da redución a aplicar (importe con signo negativo).

Na declaración só se inclúe como rendemento do traballo a diferenza entre ambos os importes porque se tivo en conta a redución a aplicar.

2. O caso das persoas que presentaron o formulario, a quen Facenda lles pode recoñecer dereito á rectificación e aplicar a redución que corresponda, recollido nos mesmos apartados.

Se a Axencia Tributaria non dispón da información para o cálculo da redución aparecerá nos datos fiscais a seguinte mensaxe: "AVISO PARA PENSIONISTAS POR ACHEGAS A MUTUALIDADES".

Ademais, ao acceder a Renda Web, mostrarase previo ao resumo de declaracións, a seguinte mensaxe: "Non se incorporaron na súa declaración determinados datos fiscais, consulte a través do botón 'Ver datos fiscais' as notas de incorporación e proceda no seu caso á súa cumplimentación de forma manual se procede".

O que haberá que facer será presentar a declaración de Renda 2023 e, ademais, o formulario Axencia Tributaria: Mutualistas: solicitudes de devolución se non o presentou xa para os exercicios anteriores (2019 a 2022) xa que se trata dun formulario único para todos os exercicios non prescritos.

Por estes motivos, a Axencia Tributaria aconsella ás persoas mutualistas nesta situación que esperen uns días para presentar as súas declaración e que poidan recoller toda a información necesaria.

3. No caso das persoas que aínda non reclamaron, a Axencia Tributaria non aplicará a redución de forma automática no borrador, polo que as persoas contribuíntes deberán solicitar a devolución a través do formulario independentemente de cando presenten a declaración da renda.

**AVISO: REVISAR OS DATOS FISCAIS PARA VER QUE ESTÁ RECOLLIDO O AXUSTE ANTES DE CONFIRMAR O BORRADOR DA DECLARACIÓN DA RENDA PARA QUE SE POIDA APLICAR A REDUCCIÓN DA TRIBUTACIÓN**

**Secretaría de Emprego e Política Social  
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**